

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 2 DE MARZO DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dous de marzo deste ano, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa en funcións DONA SONIA MÉNDEZ GARCIA e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ e DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Dopeso García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 23 de febreiro de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE.- Acórdase a concesión da licenza municipal de instalación e apertura dun taller de corte e pulido de mármore e granitos na rúa dos Artesáns, parcela 68-B.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da edificación en solo clasificado como urbano, sita na rúa do Camiño Real, número 48; para construción de edificación destinada a secadoiro de madeira en San Mamede dos Anxos; para construír un garaxe vinculado a vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Bosende de Arriba, número 49, parroquia de San Pedro Fiz de Muxa; para unha construción agrícola en solo rústico para garda de útiles de labranza en Chousas-Fafián, polígono 339, parcela 220 e para legalización de nave para almacén de maquinaria agrícola na Campiña, San Salvador de Muxa.

Acórdase a denegación de licenza para a legalización das obras de modificación no aparcadoiro subterráneo de uso público, sito na unidade de intervención rúa do Progreso-rúa Ánxel Fole, UI-1, co enderezo de rúa Ánxel Fole, número 11.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á sección de cultura, turismo, por mor das festas do Entroido 2011 e da aprobación da forma de compensación.

Acórdase o nomeamento como funcionarios de carreira nas prazas de Axentes de Mobilidade.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a revisión de prezos solicitada pola empresa encargada da xestión e tratamento de residuos sólidos urbanos, relativa ao novo canon para satisfacer a partir do 1 de xaneiro de 2011 ata o 31 de decembro de 2011, para a actualización do prezo por tonelada de tratamento de residuos sólidos urbanos.

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación dun plan de control de pombas na cidade de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a prórroga do acordo marco da subministración de cloro (hipoclorito sódico) e coagulante (policloruro de aluminio) para a actual ETAP, instrumentalizada mediante acordo marco.

Así mesmo, acórdase a aprobación do proxecto modificado na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acórdase a prórroga do contrato asinado coa adxudicataria do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas do Concello de Lugo, polo prazo dun ano contado dende o 3 de marzo de 2011.

Lugo, 2 de marzo de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García